

INSTRUCCIÓN PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES PROPOSTAS DA MATERIA DE INGLÉS – 6º DE PRIMARIA

SEMANA 23/03/20 – 27/03/20

¡IMPORTANTE ANTES DE COMEZAR! Todas as actividades débense realizar no caderno de inglés, **non fai falta imprimir nada**.

Cada documento inclúe as respostas para corrixir unha vez a actividade está rematada. É importante e recomendable **revisar todo o feito antes de corrixir** para darse conta dos posibles erros.

- **Ficha 1: Telling the time in five minutes intervals.**

Hai que completar as **horas** seguindo a seguinte estrutura: *"It's ten past two"*, xa que nos exemplos que da a ficha pódese ler "ten minutes past two". Non é preciso engadir "minutes" na frase, pero sí "It's" (Son as...). Recorda que é para escribir unha frase correcta incluíndo o verbo e suxeito.

- **Ficha 2: Activity sheet was or were.**

Nesta ficha atoparedes exercicios sobre o **pasado simple "The past simple"**. Tendes que ler as frases e rodear o verbo "was" ou "were" segundo consideremos (reparar apuntes de clase e o libro de texto, Pupil's Book, onde esclárese a correcta conxugación do verbo). O último exercicio consiste en pensar e escribir frases sinxelas que inclúan "was" ou "were". Estas frases deben conter o verbo na **forma negativa e interrogativa** para non só traballar a forma afirmativa.

- **Ficha 3: Investigation task "All about Ireland"**

Este é un exercicio de **investigación** sobre a cultura e tradicións de Irlanda, país que se está a traballar nesta unidade. Debedes responder as preguntas segundo o atopado na búsqueda Para a realización deste exercicio, copiade e completade o cadro no caderno de inglés. As frases deben ser **longas e con sentido**, lembrando a seguinte estrutura: subject + verb + complement. Se descoñecedes o significado dalgunha palabra, **usade o seguinte dicionario en liña**: <https://www.wordreference.com/>